

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ASOCIACIÓNS DE MULLERES E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS QUE PROMOVAN A IGUALDADE E A DIVERSIDADE PARA O ANO 2018

I.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria para o ano 2018 é a concesión de axudas económicas a favor de asociacións e entidades que inclúan como obxecto social a loitan pola defensa dos dereitos da muller e a igualdade de oportunidades, defensa e promoción da diversidade para facer efectiva a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da vida social, económica, política e cultural.

Líneas de participación:

- A) Liña 1. Promoción de hábitos de vida saudables.
- B) Liña 2. Promoción de accións de prevención da violencia de xénero.
- C) Liña 3. Fomento da igualdade de xénero, coeducación e corresponsabilidade.
- D) Liña 4. Formación e integración laboral dirixida a mulleres en situación de vulnerabilidade.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos da Concellería de Igualdade e Muller do Concello de Ferrol e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Non serán obxecto desta convocatoria:

- a) Aqueles proxectos que estean incluídos noutras liñas de financiamento do Concello de Ferrol.
- b) Os proxectos destinados en exclusiva aos/as socios/as da entidade solicitante.
- c) O apoio a infraestruturas, mantemento de locais e a compra de indumentaria persoal, comidas e bebidas.
- d) Os proxectos individuais e incluídos no marco da formación reglada.
- e) Actividades privadas con ánimo de lucro.
- f) Actividades de carácter confesional. Tamén as festas, agás as que teñan un carácter solidario ou de sensibilización socio-educativo.
- g) Gastos relativos á coordinación nin execución das actividades realizados polos membros das asociacións para a execución das actividades subvencionadas.
- h) non será subvencionable a adquisición de equipamento e material inventariable.

Considéranse non inventariables:

- Os bens funxibles.
- Os bens cuxa vida útil non sexa superior a un ano.

II. RÉXIME XURÍDICO

1. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
3. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
5. Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas.
7. Bases municipais reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral (BOP n.º 20, do 1/02/2010).
8. Bases de execución do orzamento municipal

III. FINANCIAMENTO

As axudas obxecto da presente convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria para o ano 2018 04203-23111-48000, por un importe total máximo de 10.000,00 euros.

IV. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

O importe da subvención concedida non poderá en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, superar o custo da acción que vai desenvolver a entidade. En caso de entidades solicitantes que sexan perceptoras doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outra entidade, deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía.

V. ENTIDADES BENEFICIARIAS

A) Poderán ser beneficiarias das axudas as asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar constituídas legalmente.
2. Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ferrol. Para estes efectos, non se considerarán as solicitudes de entidades que non estean inscritas e coa totalidade dos seus datos actualizados na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

3. Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal e autonómica, e non ser debedor do Concello de Ferrol por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema
4. Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
5. Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
6. Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende a Concellería de Igualdade e Muller do Concello de Ferrol, e doutras administracións públicas cando se trate de proxectos cofinanciados, aínda que se estableza un prazo distinto para xustificar, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións
7. Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla na Base IX destas bases reguladoras
8. Os fins e obxectivos das entidades deberán contribuír a:
 - Promover a igualdade entre mulleres e homes.
 - Promover a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

B) Obrigas

- 1. Inserir en todo impreso, material ou publicidade que se refira ás actuacións subvencionadas o logotipo do Concello, facendo constar expresamente a colaboración do Concello a través da Concellería de Igualdade e Muller.**
- 2. Programar de forma conxunta coa Concellería de Igualdade e Muller, actos e presentacións de carácter institucional que permitan difundir o proxecto subvencionado.**
- 3. As entidades beneficiarias comunicarán con suficiente antelación á Concellería de Igualdade e Muller os cambios que non supoñan alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.**
- 4. As actividades subvencionadas realizaranse sen ánimo de lucro.**
- 5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención outorgada.**

VI. ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes liñas:

A) Liña 1: PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES:

Programas incluídos dentro desta liña:

- a) Promoción do exercicio físico.
- b) Promoción de hábitos alimenticios saudables, que poden incluír obradoiros, conferencias e actividades sobre cociña saudable, dietas equilibradas, consellos médicos e pautas de alimentación.
- c) Prevención de enfermidades crónicas prevalentes nas mulleres e estímulo de conductas de autocoidado, tanto físico como psicolóxico (obradoiros, conferencias e outras actividades de prevención).
- d) Prevención e accións relacionadas coa saúde das mulleres e o seu benestar: Obradoiros, charlas, relacións afectivo-sexuais, autoestima, autocoidado, e imaxe corporal dende un enfoque e perspectiva de xénero.

B) Liña 2: PROMOCIÓNS DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO:

Programas incluídos dentro desta liña:

- a) Formación, sensibilización e información en materia de prevención e tratamento da violencia de xénero (xornadas, charlas, cursos, obradoiros, campañas e outras actividades análogas), incluída a elaboración e difusión de materiais para a dita finalidade. Actos conmemorativos do 25 de novembro.
- b) Promoción de actividades culturais ou artísticas que promovan a sensibilización social contra a violencia de xénero (exposicións, debates, teatro, cine, libroforum...), incluída a elaboración e difusión de materiais para a dita finalidade.
- c) Obradoiros dirixidos a pais e nais sobre prevención en violencia de xénero, comunicación, prevención e resolución de conflitos.
- d) Calquer outra acción dirixida á consecución dos obxectivos contemplados no Plan de Igualdade en vigor do Concello de Ferrol, no eido da violencia de xénero.

C) Liña 3: FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO, COEDUCACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

Programas incluídos dentro de esta liña:

- a) Promoción da igualdade de xénero, coeducación e corresponsabilidade mediante a realización de actuacións e programas que de xeito concreto sobre estes puntos realicen as

entidades solicitantes para os efectos de tratar de eliminar as discriminacións e estereotipos existentes entre sexos.

- b) Accións de apoio ao aleitamento materno.
- c) Obradoiros para pais e nais en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia.
- d) Coñecemento e visibilización do papel das mulleres ferrolás na historia.
- e) Información e sensibilización acerca dos roles e estereotipos de xénero; repercusión no espazo público e non privado.
- f) Conferencias, xornadas, talleres sobre educación en igualdade.
- g) Fomento e promoción da utilización da Linguaxe non sexista.
- h) Campañas en prol do uso dos xoguetes non sexistas
- i) Calquer outra acción dirixida á consecución dos obxectivos contemplados no Plan de Igualdade en vigor do Concello de Ferrol en materia de igualdade.

D) Liña 4. FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL DIRIXIDA A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE:

Programas incluídos dentro de esta liña:

- a) Actuacións tendentes á capacitación para o desenrolo de profesión ou oficio có obxectivo de mellorar as posibilidades de inserción no mercado de traballo para as mulleres destinatarias.
- b) Capacitación, cualificación e fomento do aprendizaxe e desenvolvemento das capacidades cognitivas, conductuales e actitudinais das mulleres destinatarias.
- c) Actuacións, programas e proxectos dirixidos ao fomento dos índices de inserción laboral das mulleres así como á mellora das súas condicións laborais.

Non se tomarán en consideración as solicitudes que non se adapten de xeito estricto a calquera destas catro liñas.

As entidades só poderán solicitar subvención para unha das liñas establecidas, e dentro da elixida, para un só programa, quedando automaticamente excluídas aquelas cuxa solicitude non se adapte ao establecido.

Asemesmo, non se tomarán en consideración as solicitudes referentes a programas cuxa execución se prevea realizar fóra do termo municipal de Ferrol.

VII. GASTOS SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

1) Gastos de persoal necesarios para a execución dos programas: serán subvencionables as retribucións totais do persoal contratado especificamente para a execución dos programas incluídos nas catro liñas. O persoal, profesionais ou empresas que se contraten para o desenvolvemento e execución do programa que se solicite, deberán estar en posesión de titulación e experiencia profesional demostrada e relacionada directamente cos obxectivos e contidos da actuación. Este requisito acreditarase mediante a aportación do correspondente currículo e non se admitirán gastos referentes a este punto que non cumpran esta esixencia.

2) Gastos de relatoras/es: honorarios, aloxamento, transporte.

3) Gastos derivados da realización do programa subvencionado:

- Elaboración de materiais.
- Gastos de publicidade e propaganda específicos do programa.
- Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina.

Outros gastos correntes directamente derivados da realización do programa subvencionado que estean perfectamente xustificados e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento (servizo de atención a menores e outros). En ningún caso serán subvencionables gastos de protocolo ou representación (comidas) e gastos de agasallos.

Os gastos anteriormente mencionados deberán cumprir os seguintes requisitos: ser un gasto directo da acción, axeitado aos obxectivos, que exista constancia documental sobre súa realización de xeito verificable, que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social), e que se realice e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2018.

No caso de que o orzamento presentado pola entidade solicitante incluíse gastos considerados como non subvencionables, na presente base, estes non serán computados ao obxecto de determinar o orzamento de gastos subvencionables que será tido en conta para a determinación do importe da subvención.

VIII. INICIACIÓN

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ferrol, no modelo normalizado que figura na presente convocatoria e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

IX. DOCUMENTACIÓN

9.1. A documentación deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría e co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

9.2. Documentación

1. Solicitud de subvención dirixida á Alcaldía do Concello de Ferrol (Anexo I).
2. Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.
3. Documentos que acrediten a identidade da persoa solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia do DNI, do CIF e documentación acreditativa da representación)
4. Certificación do número de socios activos da entidade, se fose o caso (Anexo III)
5. Certificación acreditativa do acordo de solicitude (Anexo III)
6. Declaración de estar inscrita no rexistro municipal de entidades (Anexo III)
7. Certificación do nomeamento de representante para as relacións da entidade co Concello (Anexo III)
8. Certificación do compromiso de obter licenzas e autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades (Anexo III)
9. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (Anexo V).

No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

10. Documento explicativo da actividade que se vai a realizar (memoria de actividade) co seguinte contido mínimos (Anexo I):
 1. Descrición da actividade
 2. Sector da poboación ao que se dirixe
 3. Localización da actividade
 4. Obxectivos da actividade
 5. Número de persoas que se benefician da actividade
 6. Data e/ou período de realización da actividade
11. Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social (Anexo II).
12. Declaración de non estaren incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da administración pública, diposta no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro (Anexo IV).
13. Declaración de solicitude doutras axudas e subvencións para a realización do mesmo proxecto e se estas foron concedidas ou están pendentes de resolución, concepto e contía das mesmas (Anexo I).
14. Datos bancarios (Anexo X).
15. Declaración de emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizados para dalo a coñecer (Anexo VI).

X. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración das subvencións estará constituída por:

1. Presidencia: concelleira delegada de Igualdade e Muller, que poderá ser coincidente con outros representantes; ou concellería en quen delegue se é o caso.
2. Concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá.
3. 1 representante de cada grupo municipal.
4. A director do CIM
5. Secretaria: Xefatura de Negociado/Sección ou Servizo de Igualdade e Xuventude ou funcionario/a en quen delegue.

XI. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A) Na valoración das solicitudes admitidas, teranse en conta os seguintes criterios, de acordo coas ponderacións e incentivos sinalados de seguido:

LIÑA 1.- PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES: promoción do exercicio físico, promoción de hábitos alimenticios saudables e prevención de enfermidades e estímulo de conductas de autocoidado:

OBXECTODA BAREMACIÓN OU INCENTIVOS	MOTIVO	PUNTUACIÓN PARCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO
Calidade técnica do proxecto presentado, o cal deberá recoller de modo expreso a atención das necesidades específicas da diversidade	a) Xustificación da súa necesidade	Ata 10 puntos	30 puntos
	b) Formulación de obxectivos	Ata 8 puntos	
	c) Metodoloxía e desenvolvemento do programa	Ata 5 puntos	
	d) Duración	Ata 4 puntos	
	e) Indicadores de avaliación	Ata 3 puntos	
Achea de fondos propios para a realización do programa		Máis do 25% e ata o 50% do orzamento total	10 puntos
		Máis do 50% do orzamento total	15 puntos
Número de persoas destinatarias do programa		Ata 25	3 puntos
		De 26 a 50	6 puntos
		Máis de 50	10 puntos
Fomentar aptitude e actitudes a prol da sensibilización en materia de xénero e/ou diversidade	Incentivo		1 punto
Grao de innovación do proxecto	Incentivo		Ata un máximo de 2 puntos

LIÑA 2.- PROMOCIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO (formación, sensibilización e información en materia de prevención e tratamento da violencia de xénero; promoción de actividades culturais ou artísticas que promovan a sensibilización social contra a violencia de xénero):

OBXECTODA BAREMACIÓN OU INCENTIVOS	MOTIVO	PUNTUACIÓN PARCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO
Calidade técnica do proxecto presentado, o cal deberá recoller de modo expreso a atención das necesidades específicas da diversidade	a) Xustificación da súa necesidade	Ata 9 puntos	30 puntos
	b) Formulación de obxectivos	Ata 8 puntos	
	c) Metodoloxía e desenvolvemento do programa	Ata 5 puntos	
	d) Duración	Ata 4 puntos	
	e) Indicadores de avaliación	Ata 3 puntos	
	f) Fomento do empoderamento feminino	Ata 1 punto	
Acheга de fondos propios para a realización do programa		Máis do 25% e ata o 50% do orzamento total	10 puntos
		Máis do 50% do orzamento total	15 puntos
Número de persoas destinatarias do programa		Ata 25	3 puntos
		De 26 a 50	6 puntos
		Máis de 50	10 puntos
Colaboración con outras entidades vecinais ou sociais.	Incentivo		1 punto
Grao de innovación do proxecto	Incentivo		Ata un máximo de 2 puntos

LIÑA 3.- FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO, COEDUCACIÓN E CORRESPONSABILIDADE (promoción da igualdade de xénero, coeducación e corresponsabilidade, mediante a realización de actuacións e programas concretos):

OBXECTO DA BAREMACIÓN OU INCENTIVOS	MOTIVO	PUNTUACIÓN PARCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO
Calidade técnica do proxecto presentado, o cal deberá recoller de modo expreso a atención das necesidades específicas da diversidade	a) Xustificación da súa necesidade	Ata 9 puntos	30 puntos
	b) Formulación de obxectivos	Ata 8 puntos	
	c) Metodoloxía e desenvolvemento do programa	Ata 5 puntos	
	d) Duración	Ata 4 puntos	

	e)Indicadores de avaliación f))Fomento do empoderamento ferminino	Ata 3 puntos Ata 1 punto	
Achega de fondos propios para para a realización do programa		Máis do 25% e ata o 50% do orzamento total Máis do 50% do orzamento total	10 puntos 15 puntos
Número de persoas destinatarias do programa		Ata 25 De 26 a 50 Máis de 50	3 puntos 6 puntos 10 puntos
Colaboración con outras entidades vecinais ou sociais	Incentivo		1 punto
Grao de innovación do proxecto	Incentivo		Ata un máximo de 2 puntos

LIÑA 4.- FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL DIRIXIDA A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE:

OBXECTODA BAREMACIÓN OU INCENTIVOS	MOTIVO	PUNTUACIÓN PARCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO
Calidade técnica do proxecto presentado, o cal deberá recoller de modo expreso a atención das necesidades específicas da diversidade	a)Xustificación da súa necesidade b)Formulaciónde obxectivos c)Metodoloxía e desenvolvemento do programa d)Duración e)Indicadores de avaliación f))Fomento do empoderamento ferminino	Ata 9 puntos Ata 8 puntos Ata 5 puntos Ata 4 puntos Ata 3 puntos Ata 1 punto	30 puntos
Achega de fondos propios para para a realización do programa		Máis do 25% e ata o 50% do orzamento total Máis do 50% do orzamento total	10 puntos 15 puntos

Número de persoas destinatarias do programa		Ata 25 De 26 a 50 Máis de 50	3 puntos 6 puntos 10 puntos
Colaboración con outras entidades vecinais ou sociais	Incentivo		1 punto
Grao de innovación do proxecto	Incentivo		Ata un máximo de 2 puntos

B) Procedemento de valoración:

1. **Valoración de cada proxecto segundo os criterios fixados en cada unha das líneas anteriores.**
2. **Suma de todos os puntos outorgados na valoración dos proxectos.**
3. **Cálculo do valor/punto mediante a división do importe global da convocatoria (10.000 euros) entre a suma de todos os puntos.**
4. **Cálculo do importe concedido a cada entidade mediante o produto dos puntos obtidos na valoración polo importe de cada punto.**

XII. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A concesión da subvención deberá ser aprobada por Resolución da concelleira delegada de Igualdade e Muller segundo os criterios de valoración fixados na presentes Bases e co límite orzamentario dispoñible.

As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios. O acto de resolución d a subvención esgota a vía administrativa. En concordancia co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o alcalde do Concello de Ferrol, no termo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado contencioso administrativo correspondente.

XIII. PUBLICIDADE DA CONCESIÓN/DENEGACIÓN DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ferrol publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello no mes seguinte a cada trimestre natural o correspondente anuncio comprensivo da convocatoria, o programa, o crédito presupostario ao que se imputan, o nome ou razón social dos/as beneficiarios/as, o CIF do/as beneficiarios/as, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, salvo nos casos de subvencións no que o importe individual non exceda de 3.000 euros, dos que non será necesaria a publicación no citado boletín e abondará soamente coa publicación na páxina web do Concello.

XIV. ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ferrol realizará o aboamento da subvención tras a xustificación previa da realización dos programas e actividades para os que solicitou a subvención.

XV. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

15.1. A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría e co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

15.2. Unha vez notificada a resolución de concesión da axuda, a entidade ou grupo beneficiario procederá ata o 15 de novembro á xustificación da totalidade do proxecto mediante a presentación **da conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención e na forma na que se indica:**

-A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Memoria económica:

- **Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago.**

- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro. Poderase xustificar

con copias compulsadas sempre que previamente se incúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de.....do Concello de Ferrol.....do ano.....”.

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa:

1. No caso de pagamento por transferencia bancaria: extracto bancario dos cargos en conta.

2. No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.

3. No caso de transferencia electrónica: xustificante impreso co selo da entidade e extracto.

4. Admitirase excepcionalmente a xustificación do pago en efectivo, sempre que a factura non supere os 150 euros (ive incluído) e que o gasto xustificado en efectivo non supere o 10% do importe adxudicado. Na factura ou documento equivalente deberá constar coño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI.

- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no se caso, apelidos completos e sen abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº. de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e detalle da retención do irpf nos caso que proceda e data e forma de pago) (Anexo VII)

- No caso de contratación de persoal para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención, indicarase para cada traballador/a o mes, a data, i importe bruto da nómina e o importe da Seguridade Social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral que en cada caso se lle impute á actividade que se está a xustificar. Data e forma de pago. Se a entidade ten algunha bonificación nas cotas da Seguridade Social ao seu cargo, terá que facer referencia ao seu fundamento legal na documentación achegada (Anexo VIII).

- Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para ao mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionaa, ou, pola contra, declaración de non ter outro ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto (Anexo IX)

- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol.

- Designación da conta bancaria.

- Declaración responsable de que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario estatal, autonómico e local) e da Seguridade Social (subvención de importe ata 3.000 euros) anexo II.

No suposto de concesión de subvencións por importe superior a 3.000 euros, será obrigatoria a presentación dos correspondentes certificados oficiais.

15.3. O prazo para a xustificación rematará o 15 de novembro de 2018.

15.4. Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do gasto previsto pola entidade ou grupo para a actividade subvencionada, aboarase a parte proporcional da subvención.

- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50% do gasto previsto, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

15.5. No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Transcorrido dito prazo sen que a entidade ou grupo interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade ou grupo beneficiario.

15.6. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvención (Ral decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade ou grupo beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

15.7. A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 450 euros. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 800 euros. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

- Atraso na presentación da xustificación superior aos tres meses: sanción do 40% do importe da subvención co límite de 900 euros. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador. Aplicaras a compensación para o cobramento da sanción.

XVI. LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Ferrol e a entidade beneficiaria da subvención redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) das actividades subvencionadas.

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller

Sáinza Ruíz Ferreño

ANEXO I
SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE:

Denominación:		CIF:	
Enderezo:		Localidade	
CP	Tfno./Tfno. móvil	Fax	Correo electrónico
Número do Rexistro Municipal de entidades Cidadás do Concello de Ferrol			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo:		Localidade	
CP	Tfno./Tfno. móvil	Fax	Correo electrónico

DATOS DO/A REPRESENTANTE

Nome e apelidos	DNI:
Correo electrónico	Tfno./Tfno. móvil

2.-SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Descrición da actividade

2. Sector de poboación ao que se dirixe

3. Localización da actividade

4. Obxectivos da actividade

5. Número de persoas que se beneficiarán da actividade/s

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER DÉBEDAS¹

D/Dna _____

con DNI N° _____, como presidente/a da entidade _____

_____, con CIF n° _____

DECLARO

Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Axencia Estatal da Administración Triutaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (Facenda Autónoma) e coa Facenda municipal, así como das obrigas coa Seguridade Social.

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

¹ Esta declaración é válida para subvencións concedidas por importe non superior a 3.000 euros

ANEXO III

ACRETACIÓNS DA ENTIDADE

D/Dna _____

con DNI N° _____, como presidente/a da entidade _____

_____, con CIF n° _____

DECLARA

1.- Que está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades

2.- Que o número de socios/as activos/as desta entidade a 01.01.2018 é de _____

3.- Que na reunión da xunta directiva da dita entidade, celebrada o día _____

acordouse a presentación da solicitude correspondente á convocatoria de subvencións realizada pola Concellería de Igualdade e Muller do Concello de Ferrol para o 2018.

4.- Que na dita reunión acordouse, tamén, nomear a _____

_____, con DNI _____

como representante para as relacións da entidade co Concello.

5.- Que a entidade comprométese a obter as licenzas e autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.

E para que conste e para os efectos oportunos, expídese a presente certificación en

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a secretario/a

Visto e prace
O/a presidente/a

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna _____

con DNI N° _____, como presidente/a da entidade _____

_____, con CIF n° _____

DECLARO

- 1.- Que a entidade non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións das administracións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 2.- que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.
- 3.- que coñezo e acepto as bases xerais e específicas que rexen a presente convocatoria.

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES

D/Dna _____

con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____

_____ con CIF Nº _____

DECLARO (marcar cunha X o que proceda segundo o caso)

<input type="checkbox"/>	Que ningunha das actividades presentadas no proxecto implica o contacto habitual con menores
--------------------------	--

<input type="checkbox"/>	Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. ¹
--------------------------	---

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a da entidade

¹ Artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non haber sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humano. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais"

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña _____

con DNI N° _____, como presidente/a da entidade _____

_____, con CIF n° _____

DECLARO

Que a entidade á que represento emprega a lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizados para dalo a coñecer

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

ANEXO IX

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS

D/Dna _____

con DNI N° _____, como presidente/a da entidade _____

_____, con CIF n° _____

DECLARO QUE PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN OBTIVEN OS SEGUINTES INGRESOS:

CONCEPTO	PROCEDENCIA	IMPORTE
Subencións do Concello de Ferrol	Concellería de procedencia	
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	Administración ou entidade pública ou privada de procedencia	
Outros ingresos afectos á actividade (venta de rifas, inscrición, etc.)	Decribir a procedencia	
Suma total		

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a da entidade

O/a tesoureiro/a da entidade

ANEXO X

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA

DATOS BANCARIOS entidades xuvenís:

don/dna _____

en calidade de presidente/a da entidade _____

declaro, baixo a mina responsabilidade, que esta entidade é titular da conta bancaria que se indica.

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN						
------	--	--	--	--	--	--

SINATURA

Ferrol, _____ de _____ de _____